


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS

11-12 de maio do 2024

## FESTA DA ASCENSIÓN DO SEÑOR



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDE DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Como fai oito días seguimos a compartir a PASCUA, e a nosa vida cambia a mellor.

Xesús foi pouco a pouco preparando aos Apóstolos para que, cando El non estivera, souberan facer o camiño da fe mostrándoa aos demais.

Agora somos nós os que temos que ser responsables e camiñar coma crentes maduros, cribles e capaces de tomar as propias decisións.

A celebración de hoxe, a Ascensión do Señor, invítanos a respostar con palabras e feitos ao seguimento de Xesús. Non podemos contentarnos con mirar para o ceo, é necesario volver ao camiño de ser e dar exemplo.

Con Cristo feito Pascua á nosa beira cantámoslle

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

## ACOLLIDA DA AUGA

**Celebrante:** Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos asumir o compromiso de ser crentes indo e pregoando o evanxeo como agora cantamos

### 🎵 n° 2 *Ide e pregoade*

**Celebrante:** *Damos grazas a Deus por todos os dons da vida cos que El nos agasalla dicindo:*  
BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

#### Monitor/a

- \* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo
- \* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- \* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos con todas as persoas que o fan ben nos camiños da vida.*

### 🎵 n° 3 *Gloria a Deus*

**Celebrante:** Deus de misericordia, fainos reloucar con alegría nesta festa da Ascensión de Cristo, na que tamén nós somos elevados onda ti, pois á gloria onda se adiantou el coma cabeza da Igrexa, tamén estamos chamados nós.

Pedímoscho polo noso Señor Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Manternos unidos a Cristo é a maneira de facer crible a nosa fe, unidos a Cristo sabemos da responsabilidade de dar froitos, sabemos da responsabilidade de ser irmáns. Foi este o mellor dos seus consellos “ide polo mundo enteiro e pregoade a boa nova do evanxeo facéndoo crible por toda a terra”. Escoitámolo agora na Palabra de Deus.*

Leccionario B páx 149

Feit 1, 1-11

LECTURA

## LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca de todo o que Xesús obrou e ensinou desde o comezo, ata o día que foi levado ao ceo, logo de ter dado instrucións polo Espírito Santo aos apóstolos que escollera.

Os mesmos aos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ao Reino de Deus. E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que me escoitastes a min: porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días.

Os que estaban reunidos preguntábanlle:

- Señor, é agora cando vas restablecer o Reino?

El respondeulles:

- Non vos acae a vós coñecer o tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. Pero recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.

En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitoullo da súa vista. E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, que dixeron:

- Galileos, que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ao ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.

### Palabra do Señor

♪ n° 5 *Todo o mundo unha familia*  
ou n° 8 *No colo da miña*

**SALMO**

(en pé) *Leccionario B páx 151 Mc 16, 15-20 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela aparecéndose Xesús aos once, díxolles:  
- Ide polo mundo enteiro, anunciando a Boa Nova a toda a creación. Quen crea e se bautice, salvarase; quen non crea, condenarase. Os que crean irán acompañados destes sinais: no meu nome botarán demos, falarán linguas novas; collerán serpes coas mans, e se chegan a beber algún veneno, non lles fará mal ningún; imporanlle as mans aos enfermos, e estes curarán.

O Señor, despois de lles falar así, elevouse ao ceo, e sentou á dereita de Deus. Eles saíron a predicar por todas partes, contando coa colaboración do Señor, que confirmaba a súa palabra cos sinais que os acompañaban.

### Palabra do Señor

(sentad@s)

gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



## PALABRAS PARA UNHA REFLEXIÓN

"EU ESTAREI SEMPRE  
CON VÓS"

Gardamos un pequeno silencio

### RENUNCIAMOS AO MAL

*Celebrante* Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal porque queremos facelo mellor unidos a Cristo.

Dicimos **SI RENUNCIAMOS**

*Monitor/a*

○ Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

**Si, renunciemos**

○ Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

**Si, renunciemos**

○ Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?

**Si, renunciemos**

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste tempo da Pascua, tendo en Cristo coma IRMÁN, renovamos agora o noso credo o do Resucitado que se queda con nós. Dicimos

**SI CREEMOS**

*Monitor/a:*

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,  
que nos agarima nas súas mans  
e nos acolle no seu corazón?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,  
sempre atento para dar unha man,  
e que nos quere vivos  
e dando vida á Pascua?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus,  
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,  
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,  
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

**SI CREEMOS**

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade,  
acolledora, respectuosa e coidadora da terra  
e de todos os homes e mulleres  
que na vida se sinten inxustamente tratados?

**SI CREEMOS**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Coma irmáns, invoquemos agora a Cristo que nos convoca a facernos cribles dando vida como El nola deu a nós na Resurrección; recemos coa nosa pregaría da Pascua dicindo*

**SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN**

**Monitor/a:**

- ✓ Señor, queremos rezar por nós. Que con palabras e feitos sigamos dando vida á nosa comunidade parroquial, oremos
- ✓ Señor, queremos pousar a nosa mirada doída nas terras de Israel, Gaza, Palestina. Así non se fai comunidade. Fagámolo mellor entre todos, oremos
- ✓ Señor, tamén queremos rezar dando grazas por todas as persoas que fan vida e fogar á nosa beira, oremos
- ✓ Señor, mirando para as nosas aldeas, queremos rezar por todas as persoas que dan vida a esta nosa terra traballando no campo, que sempre sexan recoñecidos e valorados os seus traballos, oremos

**Celebrante:** *Señor Xesús, Ti disnos “Eu estarei con vós”. Que saibamos escoitar a túa Palabra e recoñecerte na igrexa do fogar, que fai crible a luz do Evanxeo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Queremos dar razón da nosa fe mostrando, con palabras e feitos, que Xesús dá sentido á nosa vida. El achéganos a un Deus que é Pai, e así rezamos hoxe como comunidade de fe:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Queremos deixarnos aconsellar por Cristo, que nos convida a que vaiamos pola vida anunciando a súa Boa Nova. Somos testemuñas da súa Ascensión cando ofrecemos as nosas mans para erguer aos abaixados do mundo de hoxe. Ofrecemos agora as nosas mans para facer crible a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Pola man dos apóstolos aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela comprometida no camiño de asumir a decisión de ser testemuñas do evanxeo. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 **nº 9 Acharte presente na vida**



#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Deus, noso Pai,  
que a fe que temos compartido,  
signo do evanxeo do teu Fillo Xesús,  
nos alente no esforzo por guiar os nosos pasos  
polos vieiros do teu reino,  
sendo testemuñas, de que, Resucitado,  
vive e reina por sempre eternamente. Amén.

*Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa parroquia, cos nosos veciños e veciñas.*

*Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de PAZ de todas as persoas que malviven na violencia.*

*Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, amándonos uns a outros coma irmáns.*


*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA  
e o Señor da paz, o Resucitado,  
nos bendiga †, nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

# ALELUIA !!

## “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA